



¿Por qué conservar la biodiversidad? from Divulgare on Vimeo.

A feble cadea da biodiversidade


● Por Manuel Rey | 28/02/2018 17:51

Compartido
73 veces

Máis de 320 especies de vertebrados terrestres extinguíronse nos últimos 600 anos e as poboacións de moitos outros atópanse nun proceso de diminución da súa abundancia, que afecta gravemente ao **funcionamento dos ecosistemas**. Co obxectivo de amosar o impacto que a perda dos grandes vertebrados, coñecidos co nome de megafauna, pode ter sobre outros organismos cos que estes animais interactúan, como é o caso das plantas que dispersan as súas sementes en froitos carnosos, o grupo Divulgare da Universidade de Vigo, estrea un **novo vídeo**, que se suma aos traballos desenvolvidos polo grupo que dirixe Luis Navarro. “As perdas de megafauna non son gratuítas. Agora comezamos a entender as desastrosas



Publicidade



ANÚNCIATE EN
GCIENCIA

Publicidade



Publicidade

consecuencias que a perda destes animais está provocando nos ecosistemas naturais”, explica Navarro, que considera que, “cando se promociona a caza, incluso de organismos aos que a incultura e o descoñecemento ambiental máis profundo deu en denominar ‘alimañas’ estase a afectar intensamente ao funcionamento natural dos ecosistemas. Outra cousa é que algúns non o queiran ver, pero evidencias científicas existen e moitas”, sinala.

A nova peza audiovisual do grupo Divulgare afonda no efecto negativo que para as plantas ten a extinción dos animais que exercen un tipo determinado de dispersión das súas sementes, que se atopan no interior de froitos carnosos. “Se se extingue o dispersor tamén se perde o tipo de dispersión

de realizaba. Isto afectará ao tipo de planta, que ao non ser dispersada tenderá a desaparecer de maneira progresiva”, explica Navarro, que sinala que está na man da especie humana evitar que se produzan este tipo de colapsos nos mecanismos de dispersión, que finalmente conducen a procesos de extinción en cadea irreversibles, para o que cómpre favorecer o mantemento de ecosistemas diversos que promover a heteroxeneidade nos mecanismos reprodutivos dos seres vivos.

Máis de 320 especies de vertebrados terrestres extinguíronse nos últimos seis séculos



ESPECIAL 8M

2018M DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

Publicidade



Publicidade

SELIC

Publicidade